

ENCARGO Á SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, M. P. S.L. (EN ADIANTE UNINOVA) DO GABINETE TÉCNICO DE XESTIÓN INTEGRAL DO PROXECTO DA “PLATAFORMA LOXÍSTICA DE DISTRIBUCIÓN DE MERCADORÍAS NON CENTRO HISTÓRICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA”, FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA

O Concello de Santiago presentou unha solicitude no “Programa de axudas aos Concellos para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano” do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que lle foi concedida mediante Resolución Provisional de la Secretaría General de Transportes y Movilidad de data 17/02/2022. O proxecto que se propuxo nesa solicitude, abrangue as tarefas necesarias para avanzar nunha estratexia global de Loxística Urbana Sostible en Santiago de Compostela.

O obxecto deste encargo a Uninova é a prestación de todos s servizos necesarios para a posta en marcha e seguimento do proxecto Plataforma loxística de distribución de mercancías no centro histórico de Santiago de Compostela, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiada polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITMA) mediante o Fondo Europeo de Recuperación Next Generation EU.

Este encargo abrangue os seguintes traballos:

- 1. Gabinete técnico de xestión integral do proxecto
- 2. Anteprojecto, análise de demanda e necesidades, dimensión e modelo de xestión
- 3. Proceso de participación, concienciación social e difusión
- 4. Definición da contratación do “Proxecto técnico, obra e equipamento do centro loxístico”
- 5. Asesoramento necesario para a posta en explotación do centro

ENCARGO Á SOCIEDADE PARA A PROMOCIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS, M. P., S.L. (EN ADIANTE UNINOVA) PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE ACOMPAÑAMENTO AOS PROXECTOS DE LIVING LAB SMARTIAGO

PROXECTO SMARTIAGO:

O Pleno de novembro de 2017 aprobou o convenio, que foi asinado o 4 de decembro de 2017, co entón Ministerio de Economía, Industria y Competitividad (actual Ministerio de Ciencia e Innovación) e co Concello de Santiago de Compostela, para o proxecto SMARTIAGO, cofinanciado nun 80% co Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional da Unión Europea, Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda, ao amparo do programa operativo FEDER de I+D+i 2014-2020, sendo o Concello de Santiago de Compostela o beneficiario do programa. A duración do Convenio está contemplada ata decembro de 2022. O proxecto SMARTIAGO finánciase nun 80% por Fondos Europeos de Desenvolvemento Rexional (FEDER) do Programa Operativo de Crecemento Intelixente (POCINT) 2014-2020, pola Axencia Galega de Innovación nun 10% e polo Concello de Santiago de Compostela no 10% restante, orientado á financiación das iniciativas do proxecto SMARTIAGO estruturadas en tres liñas de actuación:

- **Liña Xestión sostible e intelixente de residuos sólidos urbanos**
- **Liña Mobilidade intelixente e sostible**
- **Liña Alumeado ornamental intelixente para conservación do patrimonio**

Dentro da liña de mobilidade intelixente UNINOVA participa nas seguintes:

- 1. SERVIZOS DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE ALGORITMOS AVANZADOS DE MODELADO E SIMULACIÓN DA MOBILIDADE PEONIL, ASÍ COMO POSTA EN MARCHA DUN LIVING LAB PARA O DESEÑO DE NOVAS ESTRATEXIAS QUE FOMENTEN UNHA MOBILIDADE MÁISSOSTIBLE**

Obxecto do contrato: prestación de **servizos de investigación e desenvolvemento** de algoritmos avanzados de **modelado e simulación da mobilidade peonil** a nivel macro en cidades patrimonio, así como de algoritmos avanzados para a **análise personalizada de hábitos de mobilidade** de cara ao

diseño automático de pautas de actuación para a mellora da sustentabilidade de ditos hábitos.

Eses servizos prestaranse no marco do **diseño, preparación e posta en marcha dun living lab para o deseño de novas estratexias para a mellora da sustentabilidade ambiental dos hábitos de mobilidade urbana** no centro histórico de Santiago de Compostela, o cal arrincará cos pilotos de validación dos desenvolvementos expostos no presente proceso de contratación ao redor de diferentes servizos municipais.

O **living lab** artéllase como un **espazo de innovación aberta**. Con este proxecto preténdese:

- Contribuír á racionalización do tráfico de vehículos no Centro Histórico de Santiago de Compostela
- Contribuír á sustentabilidade ambiental, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro producidas pola mobilidade no Centro Histórico de Santiago de Compostela.

Desde un punto de vista máis concreto, o proxecto persegue alcanzar o seguinte obxectivo específico:

- Contribuír á redución dos desprazamentos con vehículos contaminantes no Centro e Centro histórico e a súa contorna.

Duración: O prazo de execución dos traballos finalizará o 15 de novembro de 2022.

Presuposto licitación: 381.150,00€

Modalidade de contratación: Compra Pública Precomercial

Firma do contrato: 7 de decembro de 2021

2. LICITACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO DE VEHÍCULOS ELÉCTRICOS AUTÓNOMOS MODULARES MULTIFUNCIONAIS ASÍ COMO POSTA EN MARCHA DUN LIVING LAB DE LOXÍSTICA DE ÚLTIMA MILLA

Obxecto: prestación de **servizos de investigación e desenvolvemento** de vehículos eléctricos autónomos modulares multifuncionais adaptados a diferentes escenarios de uso específicos orientados ao **diseño de novos esquemas de loxística de última milla** en cidades patrimoniais. Estes servizos prestaranse no marco do **diseño, preparación e posta en marcha dun living lab de loxística de última milla** no centro e casco histórico de Santiago de Compostela, o cal arrincará cos pilotos de validación dos desenvolvementos expostos, ao redor de diferentes servizos municipais.

Os vehículos para desenvolver estarán formados por un chasis eléctrico autónomo universal e pods desmontables que permitan cumprir os requisitos específicos dos casos de uso indicados. Este **enfoque modular** garantirá a **polivalencia da solución** permitindo futuros escenarios de uso que se

desenvolvan durante a actividade posterior do living lab. Estes vehículos, así como o software necesario para a súa explotación, constituirán unha **infraestrutura mínima** para:

- A proba e validación, no marco do contrato, de diferentes casos de uso directamente relacionados con servizos públicos prestados polo Concello do Santiago de Compostela.
- A proba, no futuro, de diferentes modelos de loxística de última milla baseados en vehículos eléctricos e autónomos.

Pola súa banda, **o living lab** artéllase como un **espazo de innovación aberta ao redor da loxística de última milla**, o cal se deseñará e porá en marcha seguindo as pautas establecidas.

Así, con este proxecto preténdese:

- Contribuír ao deseño e posta en marcha de novas estratexias para a repartición de última milla no centro e casco histórico de Santiago de Compostela a partir de información veraz e suficiente.
- Contribuír á sustentabilidade ambiental, reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro producidas pola mobilidade no centro e casco histórico de Santiago de Compostela.
- Contribuír á racionalización do tráfico de vehículos no centro e casco histórico de Santiago de Compostela
- Contribuír a previr os danos en pavimentos por acceso indebido de vehículos de tonelaxe excesiva.

Duración: O prazo de execución dos traballos tiña previsto finalizar o 15 de novembro de 2022, pero O Concello de Santiago aprobou, en Xunta de Goberno celebrada o 15 de novembro de 2022, unha ampliación ata o 21 de decembro de 2022.

Presuposto licitación: 662.970,00 €

Modalidade de contratación: Compra

Pública Precomercial Firma do contrato:

20 de decembro de 2021

O papel de Uninova, como colaborador, estará relacionado, en grandes liñas, coa supervisión e validación dos diferentes modelos propostos en cada fase do contrato, apoio na procura de financiamento, así como na xestión da transferencia e explotación dos resultados.